



No *Diario Oficial de Galicia* do 9 de abril de 2025 publicouse a Orde do Conselleiro de Facenda e Administración Pública do 26 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXVIII edición do Premio Manuel Colmeiro para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia.

De acordo co disposto na base novena da convocatoria, finalizado o prazo para a presentación dos traballos candidatos ao premio, procede o nomeamento do xurado especial ao que corresponde o exame dos traballos presentados e, se é o caso, a proposta de adxudicación do premio.

De conformidade coa devandita base, veño en nomear como membros do xurado especial ás seguintes persoas:

Presidenta:

Sonia Rodríguez-Campos González, Directora da Escola Galega de Administración Pública

Secretario:

Alejandro Villanueva Turnes, Profesor Doutor de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

Roberto Ignacio Fernández López , Catedrático de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade da Vigo

María del Carmen Rodríguez Martín-Retortillo, Profesora Doutora de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid

Miguel Ángel Michinel Álvarez, Catedrático de Dereito internacional Privado da Universidade de Vigo

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, na data sinalada ao marxe

O Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado

